

NOME E APELIDOS	DOMICILIO
Supakki Supakki	Circunvalación nº 46, 1º
Suro Aji	Circunvalación nº 46, 1º
Jia Jing Wang	Rodríguez Sinde nº 7, 1º
Lin Xiaokun	Manuel Álvarez nº 11, 2º I
Andry Yunoshev	Urb. Río Miño Blq 2, 1º D

Notificar a presente resolución ós afectados seguindo os procedementos previstos na Lei 30/1992 de 26 de novembro.

A Guarda 14 de outubro de 2009.—O Alcalde,
José Manuel Domínguez Freitas. **2009011381**

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de xullo de 2.009 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora do prezo publico pola Prestación de Axuda no Fogar por libre concorrencia e a persoas valoradas como dependentes. Ó non terse formulado reclamacións durante o período de exposición pública entendese aprobada definitivamente cuio texto íntegro é o seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA E A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES

ARTIGO 1.—NATURALEZA E FUNDAMENTO

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, e segundo as normas contidas no Capítulo VI do Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público polo Servizo de Axuda no fogar, tanto para persoas valoradas como persoas que acceden ao servizo por libre concorrencia.

ARTIGO 2.—CONCEPTO

O prezo público regulado neste acordo constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

ARTIGO 3.—OBRIGADOS/AS O PAGAMENTO:

Están obrigadas ao pago todas aquelas persoas que:

- A) Estean recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención

ás Persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

- B) As persoas que accedan ao servizo da axuda no fogar por libre concorrencia e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre que ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre que exerza de feito o seu coidado.

ARTIGO 4.—CONTÍA DO PREZO PÚBLICO:

1. Contía.

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas nos apartados seguintes referidas a unha hora de prestación do servizo, e que se determinarán do seguinte xeito:

Aos efectos previstos para aplicación das tarifas do presente artigo, se establece o prezo da hora por prestación do servizo en 12 euros.

2. Reducións.

A participación das persoas beneficiarias na financiación do servizo co establecido na Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e a Orde que regula o Servizo de Axuda no Fogar na Comunidade Autónoma de Galicia, se establecerá en función do coste do servizo que se lles preste e da súa capacidade económica persoal, seguindo a seguinte táboa:

INGRESOS	% CUSTO DO SERVIZO (sobre 12 €)
Ata 100% IPREM	0%
Do 100% ata 300% IPREM	10%
Do 300% ata 500% IPREM	21%
Máis do 500% do IPREM	61%

Establécense estas reducións ó abeiro do establecido no artigo 44 do T.R.L.R.F.L. por existir razóns sociais e de interés público que aconsellan fixar os prezos por debaixo do custo de servizo, asumíndose a diferenza polo Concello.

3. Capacidade económica da persoa usuaria

Considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela, de conformidade co indicado no artigo 3.1 do presente acordo.

A capacidade económica da pesoa usuaria se determinará en relación aos seguintes puntos:

1. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio.

Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

2. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
3. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a pesoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder.

Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

4. No caso de que a pesoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.
5. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o receptor ou receptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados receptores.
6. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da pesoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun

3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

7. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida. As contías referidas á capacidade económica das persoas usuarias se establecerán en función do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) vixente. Enténdese por IPREM o sinalado con carácter anual polos organismos estatais competentes.

ARTIGO 5. CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

1.—A obriga de pagamento nace no momento en que o beneficiario reciba a prestación do servizo.

2.—O pagamento da cota realizarase mensualmente no mes inmediato seguinte, a través de domiciliación bancaria que autorizará o beneficiario por escrito.

3.—Se a algunha pesoa beneficiaria non se lle prestase o servizo por causas non imputables á mesma, léase por inconvintes derivados de organización interna do propio servizo, terá dereito a un desconto proporcional ao tempo que estivo sen atención á hora de abonar a cota mensual.

4.—En caso de suspensión temporal do servizo descontarase das cotas a parte proporcional que lle corresponda mensualmente.

5.—As débedas polos precios públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

6.1 A presentación das solicitudes e documentación a presentar regúlase segundo o disposto Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, da normativa vixente de carácter autonómico e do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Pontearreas.

6.2 As liquidacións practícaranse mensualmente nos primeiros quince días de cada mes mediante a aprobación de padróns ou matrículas deste prezo público, de conformidade co informe facilitado polo servizo en relación ao mes inmediato anterior.

6.3 O impago excepcional dunha mensuralidade suporá, en caso de justificación motivada o departamento de Servizos Sociais polo usuario do servizo, a acumulación á mensuralidade a pagar no mes seguinte. Se a mensuralidade acumulada fose obxecto de impago novamente procederáse á extinción do servizo.

O impago excepcional dunha mensuralidade sen xustificar por un tempo superior a 30 días suporá a extinción do servizo.

6.4 Aprobada a alta no servizo, esta manterase mentres o grado e nivel de dependencia da persoa valorada non varíe e non haxa comunicación expresa dos órganos de valoración autonómica dun cambio no seu Programa Individual de Atención, ou, nos casos de alta por libre concorrencia, non existan cambios que así o indiquen.

6.5 A forma de prestación do servizo, a autorización ou cese e a prórroga do mesmo regularase de acordo co Regulamento de Servizo de Axuda no Fogar do Pontearreas.

6.6 Anualmente, solicitarase dos beneficiarios do servizo a documentación necesaria na que se reflicta a súa situación económica actual co gallo de actualizar a capacidade económica do usuario e, no seu caso, a redución a aplicar no custe do servizo.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Acordo entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Disposición derogatoria: esta ordenanza deroga a anterior de data 18 de decembro de 1998”.

RECURSOS.—Contra a presente disposición os interesados poderán interpor recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pontearreas, 8 de outubro de 2009.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2009011387**

* * *

VILA DE CRUCES

EDICTO

Con data 4 de setembro de 2009, O Pleno do Concello aprobou o expediente de suplemento de crédito nº 01/2009, dentro do Orzamento xeral do exercicio 2009.

Exposto os mesmo ó publico por prazo de 15 días hábiles, anuncio no BOP nº 183 de data 22/09/2009 de conformidade co artigo 169 do TRLRFL e 20 do R. Decreto 500/90, non se presentaron reclamacións ós mesmos.

Dacordo co establecido no artigo 169.3 do TRLRFL e 20.3 do Real Decreto 500/90, publíquese o resumo do Orzamento por capítulos tra – la modificación de créditos aprobada:

RESUMEN POR CAPÍTULOS PRESUPUESTO DE INGRESOS DE 2008

CAPÍTULOS	PREVISIÓN ANTES DE ESTE EXPEDIENTE	AUMENTOS	TOTAL PREVISIÓN
RESULTANTE			
A) OPERACIONES CORRIENTES			
1 Impuestos directos	812.915,56		812.915,56
2 Impuestos indirectos	83.393,63		83.393,63
3 Tasas y otros ingresos	373.372,93		373.372,93
4 Transferencias corrientes	2.174.753,04		2.174.753,04
5 Ingresos patrimoniales	29.461,89		29.461,89
B) OPERACIONES DE CAPITAL			
6 Enajenación de inversiones reales	84.200,02		84.200,02
7 Transferencias de capital	1.501.702,76		1.501.702,76
8 Activos financieros	276.435,88	61.078,90	337.514,78
9 Pasivos financieros	600.418,72		600.418,72
SUMAS TOTALES	5.936.654,43	61.078,90	5.997.733,33

RESUMEN POR CAPÍTULOS PRESUPUESTO DE GASTOS DE 2007

CAPÍTULOS	PREVISIÓN ANTES DE ESTE EXPEDIENTE	AUMENTOS	TOTAL PREVISIÓN
RESULTANTE			
A) OPERACIONES CORRIENTES			
1 Gastos de personal	1.261.874,01		1.261.874,01
2 Compra de bienes corrientes y de servicios	1.722.009,76	43.525,02	1.765.534,78
3 Intereses	32.000,00		32.000,00
4 Transferencias corrientes	173.001,05	2.088,00	175.089,05
B) OPERACIONES DE CAPITAL			
6 Inversiones reales	2.647.752,22	15.465,88	2.663.218,10
7 Transferencias de capital	13.717,83		13.717,83
8 Activos financieros		1.300,00	1.300,00
9 Pasivos financieros	85.000,00		85.000,00
SUMAS TOTALES	5.936.654,43	61.078,90	5.997.733,33

Contra a aprobación definitiva do expediente, pode interperse recurso Contencioso-Administrativo, perante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nos prazos e forma establecidos nas normas da citada xurisdicción. Todo iso, conforme ó artigo 177 do TRLRFL e artigo 23 do R. Decreto 500/90 de 20 de abril.

A interposición de recursos non suspende, en principio, a aplicación da modificación de créditos definitivamente aprobada (art 177 do TRLRFL).

En Vila de Cruces, a 14 de outubro de 2009.—
O Alcalde, Jesús Otero Varela. **2009011483**

* * *